



## SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 7 DE FEBREIRO DE 2017

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación do borrador do regulamento dos consellos parroquiais.
- 3.- Orzamentos participativos para o ano 2017.
- 4.- Estado das obras de saneamento da parroquia.
- 5.- Situación da titularidade do local social da parroquia.
- 6.- Transporte metropolitano.
- 7.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e quince minutos do sete de febreiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do concelleiro MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, habendo o quórum necesario da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

### GRUPOS POLITICOS:

- M<sup>a</sup> JOSÉ BARCIELA BARROS, representante do PP.
- ALBERTO ALVAREZ PÉREZ, representante do PSOE en substitución de Digna Rosa Rivas Gómez.
- XAVIER BALSAS BARBEIRA, representante do BNG, nomeado en substitución de José Luis Grande Grande a partir desta sesión segundo o escrito presentado polo organización do partido no rexistro xeral do Concello de Redondela con data 07/02/2017 e número de rexistro de entrada 2017-E-RC-1613
- JORGE VARELA COUÑAGO, representante do grupo político A.E.R, nomeado en substitución de Daniel Cabaleiro Novelle a partir desta sesión segundo o escrito presentado polo grupo político no rexistro xeral do Concello de Redondela con data 03/02/2017 e número de rexistro de entrada 2017-E-RC-1498.





**COMUNIDADE DE MONTES:**

FERNANDO MAGDALENA BLANCO  
JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL

**ASOCIACIÓN CULTURALS**

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ  
OLGA OTERO FIGUEROA  
ROSA GONZALEZ RODRÍGUEZ

Estas 2 últimas nomeadas, a partir desta sesión, en substitución de Ana Santomé Santos e Emilio Parada Covelo segundo o escrito dirixido ao presidente do Consello parroquial de Trasmañó con data 2 de febreiro de 2017.

**ASOCIACIÓN DE MULLERES**

CARMEN CABALEIRO LAGO

**COMUNIDADE DE AUGAS**

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ.

**ASOCIACIÓN DEPORTIVAS**

SONIA BASTOS LAGO

Nomeada, a partir desta sesión, en substitución de Agustín Fernández Alvarez segundo o escrito dirixido ao presidente do Consello Parroquial de Trasmañó con data 2 de febreiro de 2017.

**NON ASISTIRON:**





FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ, representante da Comunidade de Montes.  
AVELINO ALONSO CRUZ, representante da Comunidade de Montes.  
JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.  
JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

### INCIDENCIAS.-

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 17 de outubro de 2016): sendo aprobada polos votos de todos os presentes coas abstencións de don Xavier Balsas Barbeira, don Jorge Varela Couñago, dona Olga Otero Figueroa, dona Rosa González Rodríguez e don Fernando Magdalena Blanco

A continuación pásase ao punto dous que é o de: “Presentación do borrador do regulamento dos consellos parroquiais”

O presidente comeza explicando que no borrador facilitado aos presentes se presentan 16 artigos: a primeira parte de cada artigo é o correspondente ao regulamento que está en vigor e a segunda (en negrilla) é a proposta do Concello, sulinando en negrilla os cambios propostos.

Invita aos presentes que fagan as súas propostas e que as presenten a través do correo electrónico ou no rexistro xeral do Concello.

A continuación pásase ao punto tres que é o de: “Orzamentos participativos para o ano 2017”.

A concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros comeza dicindo que obras se fixeron cos participativos do ano 2016:

- o muro ao lado de Nati
- a marquesina no Camiño da Devesa

A isto, don José Luis Riobó Gil pregunta canto custaron estas obras; o que a concelleira





responde que se gastaron os 15.000 euros asignado á parroquia de Trasmañó: 1957 euros na marquesina e o resto no muro.

A concelleira informa que as obras foron tardías xa que as propostas dos orzamentos participativos se decidiron tarde e os informes do técnicos municipais se retrasaron pola carga de traballo que teñen.

Os presente fan as súas propostas para o ano 2017:

- Don Alvaro Ricón Gonzalez propón que se continúe co muro para arriba. Problema: o lindanta. A isto, a concelleira propón que se fale con el.
- Don Jorge Varela Couñago, propón que se destinen a cubrir as necesidades básicas dos máis necesitados da parroquia. A isto o presidente responde que os orzamentos participativos non son para cubrir actos que poidan ser tratados nos Servizos Sociais do Concello

Dona Rosa González Rodríguez di que os obxectivos dos orzamentos son para facer investimentos pequenos: obras menores, abrir camiños .... non grandes obras.

Non está de acordo co funcionamento do Consello parroquial, di que debería ser aberto para todos os veciños, xa que a maioría descoñece a súa existencia e o seu funcionamento. Propón que haxa un buzón de suxestións para que toda a parroquia participe.

As 20.30 horas, incorporase dona Sonia Bastos Lago.

A isto o presidente responde que o novo regulamento marcará a composición do Consellos Parroquiais pero que o máis recomendable sería que cada asociación representada no Consello Parroquial tivese asembleas cos veciños e despois as directivas trasladasen ao Consello Parroquial as propostas ou queixas e suxestións deles. Como exemplo, pon o Consello Parroquial de O Viso que é aberto pero non asiste ningún veciño só os membros titulares de cada asociación representada no Consello Parroquial

Don Xavier Balsas Barbeira di que os orzamentos participativos están destinados ao fracaso xa que as cantidades destinadas a estes fins son irrisorias e que as decisións sobre elas deberían ser previas á aprobación dos orzamentos municipais





A isto o presidente di que o gastos das obras asignadas ao orzamentos participativos son maiores xa que, a veces, se complemento cos orzamentos municipais.

- Don Fernando Magdalena Blanco propón:
  - Que se arranxe o camiño Estrada a Trasmaño núm 76-80. Os propietarios ceden os metros se o Concello fai o muro (uns 12 metros de lonxitude)
  - Na Cabadexa (diante da casa de Paco), onde se meteu o sumidoiro, arranxar o muro xa que se está vindo abaixo.
- Don Alvaro Ricón González e don Mario Sánchez Alvarez propoñen que se arranxe o muro situado na Leira do Muiño: que se compre a leira de Pablo. A isto, a concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros di que a compra da leira superaría o orzamento.
- Don Mario Sánchez Alvarez fai as seguintes propostas:
  - Construción dunha base de hormigón nos colectores sitos no Camiño do Cotiño (número 12-14).
  - Pór un sinal T (sen saída) no Camiño do Castillo.
  - Pór un sinal de xeo, que foi roubada, ao lado da de Iberia.
  - No Camiño da Lamosa, ao lado do parque infantil, meter arriba unha rexilla
  - Nas Pedriñas: asfaltar a zona que se cedeu ao Concello. A isto, a concelleira di que si se solicitou licenza, o retranqueo faise cargo o propietario da finca.

As 21.00 horas incorporase a sesión dona Carmen Cabaleiro Lago.

A continuación pásase ao punto 4: “Estado das obras de saneamento da parroquia”

A concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros comeza dicindo que da Cabadexa ao Camiño do Cristo xa está listo!.... os lindantes xa poden enganchar

Don José Luis Riobó Gil di que para tapar os buracos se empregue un bo asfalto.

Dona Rosa González Rodríguez pregunta que pasa se se conectan e non pagan... a isto a





concelleira M<sup>a</sup> José di que teñen que pagar en Aqualia e, ademais, lle poden esixir os últimos 4 anos.

Tamén pregunta como se vai facer a conexión en Cotarén. A isto a concelleira di que hai que facer un proxecto e que ten que localizar aos veciños; polo que tratará de falar con Benito e así coller datos.

Don Fernando Madgalena Blanco pide que se arranxe o Camiño da Fraga xa que coas obras do saneamento quedou lamoso xa que é forma parte do Camiño de Santiago. A isto a concelleira di que vai falar co director de obras.

A continuación pásase ao punto 5 que di: “Situación da titularidade do local social da parroquia”

O presidente comeza dicindo que a Comunidade de Montes presentou escrito no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia no día 16/01/2017 e número de entrada 5814/RX104461 renunciando a uns dereitos que no seu día reclamou. Di que se alguén quere acceder ao expediente, se acerque ao concello para consultar (Expte: 378/2016).

Deseguido di que cando se incorpore a secretaria xeral do Concello informará a petición. Ademais queda pendente de que chegue o informe da Consellería de Medio Rural. A isto, don Jorge Varela Couñago di que na seguinte sesión se demostre xustificante da petición do informe á Consellería de Medio Rural e se achegue o informe da secretaria.

Don Alvaro Ricón González pregunta quen paga, namentres, os servizos básicos do centro. A isto o presidente contesta que os propietarios, é dicir, a Comunidade de Montes de San Vicente de Trasmañó.

Don Fernando Magdalena Blanco di que a Asociación do Centro Social deberá solicitar axudas ao Concello. A isto Rosa González Rodríguez di que non se pediron porque na Asemblea da Comunidade de Montes se dixo que sería a Comunidade de Montes a que pediría a subvención.

Dona Rosa González Rodríguez da queixa que na Asemblea da Comunidade de Montes se presentou, mediante vía diapositivas, información dunha subvención da Asociación do Centro Social correspondente ao ano 2013, na que se mostraba documentación confidencial. A isto don Jorge Varela Couñago quere saber quen pediu a información e que se faga un informe da información que se facilitou o petionario.





A continuación pásase ao punto 6: “Transporte metropolitano”.

O presidente comeza o punto dicindo que o Goberno municipal se mantén na tesitura que Abel Caballero asinou un convenio que non está cumprindo. Ese convenio ía ligado á área metropolitana e ao non cumprilo se romperon as negociacións.

Don Xavier Balsas Barbeira di que a área metropolitana non é só o transporte. É un conflito que afecta a miles de persoas por culpa das negociacións e di que o concello ten que apoiar á área polo ben dos veciños.

Don Alberto Alvarez Pérez di que a área metropolitana non é só transporte senón que é tamén turismo e axuda participá.

A isto o presidente di que cando se constituí a Área metropolitana o transporte era o servizo primordial.

A continuación pásase ao punto 7: “Rogos e preguntas”.

a) Todos os presentes insisten ao presidente que se arranxe a estrada da subida a Trasmañó. En épocas de temporais é máis perigoso xa que a maleza invade a estrada e supón un gran perigo para os vehículos.

Don Mario Sánchez Alvarez contabiliza 9 puntos críticos propón cortar as raíces e que se parche. A isto, don J. Luis Riobó Gil di que non se parchee porque pode ser máis perigoso.

A isto o presidente e maila concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros din que se segue buscando aos propietarios pero que é moi complicado.

Todos os presentes insisten en que se busque lexislación para ver cal sería a forma máis axeitada para actuar: cortar sen autorización dos propietarios; expropiar; localizar aos lindantes a través do Catastro e mandar notificacións e, se non é posible, darlle publicidade a través dos boletíns oficiais; pór nos sitios públicos bandos

b) Don Mario Sánchez Alvarez di que se deberían colocar nos sitios públicos panfletos cos teléfonos máis importantes do Concello (sobre todo, os de iluminación e da policía local).





c) Don J. Luis Riobó Gil di que se arranxe o camiño do Coto. A isto a concelleira responde que non se pode xa que non é municipal.

d) Dona Rosa González Rodríguez di que hai que facer algo co colexio: que se pregunte aos veciños se teñen algunha proposta. Di que polo menos se arranxen as pistas deportivas para que os nenos da parroquia fagan uso delas. Don Mario Sánchez Alvarez di que se alugue para obter un beneficio. O presidente di que se fagan propostas e a ver se se chega a un acordo para darlle un uso beneficioso para todos. Don Mario dí que fóra disto hai que arranxar as tellas que se levantaron co último temporal

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e dúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

MIGUEL A. ALVAREZ BALLESTEROS

M<sup>a</sup> BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

8

